



ÍNDICE

1. ASPECTOS XERAIS	1.1. DATOS DO CENTRO
	1.2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022-2023
	1.2. MEDIDAS PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS
2. ASPECTOS ORGANIZATIVOS	1.3. RECURSOS NECESARIOS
	2.1. EQUIPOS DOCENTES
	2.2. HORARIOS
	2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
3. ASPECTOS CURRICULARES	2.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
	3.1. PLANS
	3.2. PROXECTOS
	3.3. PROGRAMAS
	3.4. OUTROS PLANS E PROGRAMAS



NOME DO CENTRO	CEIP Plurilingüe Lagostelle
TITULARIDADE	Público
CÓDIGO DO CENTRO	27005020
ENDEREZO	Rúa do Ferrol, S/N
LOCALIDADE	Guitiriz
PROVINCIA	Lugo
CÓDIGO POSTAL	27300
TELÉFONO	982 87 03 56
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.lagostelle@edu.xunta.gal
NIF	7755004D
PÁXINA WEB	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/

Presentada ao consello escolar:

Avaliada polo consello escolar:

Aprobada polo claustro nos aspectos docentes:

Remitida á inspección educativa:

1. ASPECTOS XERAIS

1.1. DATOS DO CENTRO

UBICACIÓN E CARACTERÍSTICAS
<p>O CEIP Plurilingüe Lagostelle está no concello de Guitiriz.</p> <p>A superficie do centro distribúese en tres edificios:</p> <p>Edificio principal: consta de dúas plantas. Na planta baixa están as aulas do 2º ciclo de Educación Infantil e as dúas aulas de 1º de Educación Primaria así como outras dependencias dedicadas a diversos usos: comedor, biblioteca, baños, titorías de Atención Preferente e conserxería. Na primeira planta atópanse as aulas de 2º a 6º de Educación Primaria e as aulas específicas de música, inglés, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Plástica e o antigo laboratorio, actualmente en reformas onde se reubicará a aula de inglés. Tamén hai un par de almacéns destinados a gardar mobiliario e os libros do fondo solidario.</p> <p>Edificio administrativo: nel están os despachos de dirección, xefatura e secretaría; o departamento de orientación, a aula de informática, a sala de profesorado, a sala de fotocopiadoras e o arquivo.</p> <p>O ximnasio: emprégase para o desenvolvemento das clases de Educación Física e Psicomotricidade, para os recreos en días de choiva e para algún evento.</p> <p>Parte externa do edificio: nela están as zonas de patio, unha pista polideportiva cuberta, unha pista descuberta, un areeiro e o horto escolar.</p>
NÚMERO DE UNIDADES
<p>O centro componse de 4 unidades de Educación Infantil e 11 unidades de Educación Primaria.</p>
NÚMERO DE ALUMNADO
<p>No presente curso 2022-2023 cóntase con 253 alumnos e alumnas.</p> <p>O 60% do alumnado, aproximadamente, procede das zonas rurais do municipio e o 40% do núcleo urbano. Hai unha crecente porcentaxe de alumnado inmigrante.</p>
NÚMERO DE PROFESORADO
<p>No presente curso 2022-2023 o cadro de persoal docente do Centro está formado por 28 mestras e mestres. A orientadora do centro, a mestra de Relixión Católica e unha das mestras de AL son compartidas co CEIP Santo Estevo de Parga.</p>



1.2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022-2023	1.3. MEDIDAS PARA CONSEGUILOS	1.4. RECURSOS NECESARIOS
<p>Implicar a todas as persoas da comunidade educativa, no ámbito das súas competencias, na participación da vida do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer a todas as persoas da comunidade educativa os plans e proxectos do centro. - Converter a páxina web do centro en referencia para a comunidade educativa. - Planificar e participar en actividades conxuntas con distintos integrantes da comunidade educativa. - Colaborar con entidades ou asociacións sociais ou culturais locais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Canles de comunicación eficientes tales como a páxina web e as redes sociais do centro ou a aplicación AbalarMóbil. - Colaboración por parte do Concello e outras entidades locais.
<p>Revisar e modificar, de ser preciso, o Proxecto Educativo de Centro para que reflicta o modelo de centro que demanda a comunidade, e actualizar os documentos que o integran.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar o proceso de información, debate e aportacións ao PEC por parte do profesorado. - Revisar e actualizar os plans e proxectos do centro. 	
<p>Elaborar o Plan de Mellora da Convivencia Escolar do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Crear un Observatorio de Convivencia para o estudo, planificación e desenvolvemento de iniciativas para a mellora da convivencia. - Fomentar o respecto e a empatía como principio básico de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Formación e orientación en materia de convivencia.
<p>Potenciar o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Formar ao alumnado no emprego das TIC. - Facilitar a formación do profesorado neste eido. - Empregar a Aula Virtual como unha ferramenta máis no proceso de ensino-aprendizaxe. - Elaborar un Plan de Ensino Dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos tecnolóxicos actualizados. - Colaboración co CFR para a formación do profesorado.



<p>Fomentar o respecto polo medio ambiente e contribuír á súa defensa, conservación e mellora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diseñar actividades de respecto polo medio ambiente no ámbito da contorna do centro. - Fomentar a reciclaxe e a separación de residuos. - Integrar o traballo no horto escolar do centro na actividade lectiva. - Continuar colaborando no proxecto Voz Natura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Composteiros e contedores para separar os residuos. - Material para traballar no horto escolar. - Colaboración co Concello para o mantemento do horto e da contorna natural do centro.
<p>Promover a implicación e participación das familias na vida do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar na web do centro os horarios nos que poden ser atendidas polo profesorado, así como informacións relativas ao día a día do centro. - Manter unha información frecuente coas familias sobre aspectos organizativos e pedagóxicos do centro. - Propoñer actividades que impliquen a colaboración e participación das familias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web como canle de comunicación do centro. - Colaboración coa ANPA do centro.
<p>Potenciar o uso da lingua galega traballando para o seu uso e coñecemento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Revisar e actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro. - Diseñar actividades de dinamización da lingua galega. - Revisar que os documentos e notas enviados polo centro cumpran coa normativa e respecten a linguaxe inclusiva. 	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración con editoriais e outras entidades culturais.
<p>Fomentar a participación activa e a colaboración entre o profesorado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar a colaboración, o intercambio de experiencias e a planificación en equipo do profesorado. - Fomentar a formación permanente e a actividade investigadora do profesorado. 	
<p>Converter a biblioteca no corazón da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Levar a cabo o PDI de xeito conxunto e coordinado en 	



pedagóxica do centro.	<p>todo o centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver actividades que partan da biblioteca. 	
Ofrecer unha resposta educativa desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> - Compensar as diferenzas individuais no marco dos principios de normalización e inclusión. - Valorar a diversidade como algo positivo. - Incidir na importancia da educación emocional das persoas. - Fomentar o respecto e a empatía como principio básico de convivencia. 	

2. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

2.1. EQUIPOS DOCENTES

2.1.1. Cadro de organización pedagóxica

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	<p>Jorge Juan Montero Formoso (director)</p> <p>Lucía López Silva (xefa de estudos, 4º EP)</p> <p>Lucía Rivas Mourelos (orientadora)</p> <p>Mª Gloria Camiño Castro (coord. de EI)</p> <p>Lucía Lorenzo López (1º ciclo EP)</p> <p>Mª Pilar Arias García (2º ciclo EP)</p> <p>Lucía Rego Neira (3º ciclo EP)</p> <p>Lucía Teixeira Enríquez (PT)</p> <p>Zaida Guerra López (AL)</p> <p>Lucía Gómez Álvarez (At. Preferente)</p> <p>Isabel Vilanova Díaz (At. Pref.) (Secretaria)</p>
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	<p>Lucía Gómez Álvarez (coordinadora)</p> <p>Lucía Rivas Mourelos</p> <p>Francisca Pilar Miragaya Fernández</p> <p>Mª José Blanco Ferreiro</p>



	Eva M ^a Redondo Valín Sonia García Roca
EQUIPO DE BIBLIOTECA	Lucía Rivas Mourelos (coordinadora) Lucía Gómez Álvarez Mónica Rodríguez Crecente Zaida Guerra López Eva M ^a Redondo Valín Lucía López Silva Lucía Teixeira Enríquez
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Bibiana García Castro (coordinadora) Lucía López Silva M ^a Pilar Arias García M ^a Manuela Lorenzo Paz Paula Penas Barreiro Beatriz Suárez Felpeto
EQUIPO DINAMIZACIÓN TICS	Ventura Sobrido Álvarez (coordinador) Leticia Ascariz Vilela Mónica Rodríguez Crecente Jorge Juan Montero Formoso M ^a Belén Ansedo Freire Eva Martínez Penín Lucía Rego Neira
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Lucía Rivas Mourelos (xefa) Zaida Guerra López (PT) Lucía Teixeira Enríquez (AL) Estela M ^a López Varela (AL) Isabel Vilanova Díaz (At. Preferente) Lucía Gómez Álvarez (At. Preferente)
EQUIPO PLURILINGÜISMO	Diego Fernández Torres (coordinador) Mónica Rodríguez Crecente Lucía López Silva



EQUIPO MEDIOAMBIENTAIS	Iago Calderón Soilán (coordinador) Celia Méndez Veiga Isabel Vilanova Díaz Diego Fernández Torres Lucía Lorenzo López M ^a Gloria Camiño Castro
EQUIPO COVID	Jorge Juan Montero Formoso (coordinador) Diego Fernández Torres Gloria Camiño Castro Lucía López Silva Leticia Ascariz Vilela

2.1.2. Cadro de adscrición do profesorado

EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI	María José Blanco Ferreiro
	5º EI A	Bibiana García Castro
	5º EI B	Eva M ^a Redondo Valín
	6º EI	Leticia Ascariz Vilela
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º EP A	Lucía Lorenzo López
	1º EP B	Sonia García Roca
	2º EP	Beatriz Suárez Felpeto
	3º EP A	Lucía López Silva
	3º EP B	Paula Penas Barreiro
	4º EP A	M ^a Pilar Arias García
	4º EP B	M ^a Manuela Lorenzo Paz
	5º EP A	Ventura Sobrido Álvarez
	5º EP B	M ^a Belén Ansede Freire



	6º EP A	Lucía Rego Neira
	6º EP B	Eva Martínez Penín

2.1.3. Calendario de Reunións Órganos de Coordinación Docente

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	Unha reunión trimestral
EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA EQUIPO BIBLIOTECA EQUIPO TICS	Unha reunión mensual
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Unha reunión mensual
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Unha reunión mensual
EQUIPOS DE CICLO	Unha reunión mensual

2.1.4. Plan de actuación dos Órganos Colexiados

CLAUSTRO	<p>Setembro: adscrición, organización de gardas e substitucións, distribución de aulas, solicitudes uso instalacións, programas educativos...</p> <p>Novembro: PXA</p> <p>Xaneiro: contas 2021</p> <p>Febreiro/ Marzo: orzamentos 2022</p> <p>Abril/Maio: organización final de curso. Proxectos e programas: memorias.</p> <p>Xuño: avaliación Memoria Final de Curso. Previsión vindeiro curso. Reunións extraordinarias sempre que sexan necesarias.</p>
CONSELLO ESCOLAR	<p>Setembro: Solicitudes uso das instalacións. Participación en plans e proxectos. Propostas.</p> <p>Novembro: avaliación PXA.</p>



	<p>Xaneiro: contas 2021</p> <p>Febreiro/marzo: orzamentos 2022</p> <p>Xuño: avaliación da Memoria Anual. Outras informacións.</p> <p>Reunións extraordinarias sempre que o presidente considere necesaria unha convocatoria ou a solicite un terzo das persoas que o compoñen.</p>
--	---

2.1.5. Plan de actuación do Equipo Directivo

REUNIÓN	Martes de 13.40 A 14.30
ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Planificación e coordinación de tarefas. • Horario de atención ás familias. • Confección de horarios, organización do uso de aulas e espazos comúns. • Velar polo correcto uso e mantemento das instalacións escolares. • Xestión das necesidades de recursos do centro, tanto materiais coma persoais. • Organización do período de adaptación no 4º curso de Educación Infantil. • Organización das actividades lectivas complementarias e extraescolares. • Organización do alumnado de prácticas da EUFP. • Establecer o calendario de reunións de equipos docentes e convocatorias. • Dirixir as xuntanzas dos órganos colexiados e as sesións de avaliación. • Propoñer e/ou xestionar programas e plans educativos, formativos, de innovación e actualización pedagóxica. • Seguimento e avaliación de toda a actividade do centro, velando polo cumprimento das normas e o correcto desenvolvemento da actividade lectiva. • Seguimento do traballo en equipo do profesorado, do cumprimento de horarios e normas, asistencias, substitucións do persoal docente e non docente.



	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar os resultados das avaliacións ordinarias e individualizadas do alumnado e as propostas de mellora. • Atender aos aspectos administrativos e burocráticos: matrículas, expedientes, traslados, documentos de avaliación, documentos do centro, expedición de certificados, emprego de aplicacións informáticas de xestión, etc. • Xestionar o proceso de admisión do alumnado. • Elaboración e actualización de documentos organizativos do centro. • Organizar e xestionar as bolsas de NEAE, axudas de material e o préstamo de libros de texto. • Atender as comunicacións do centro, as relacións coas Administracións e outras institucións no ámbito de actuación do centro. • Xestionar e informar das contas, propoñer e executar orzamentos económicos. • Establecer canles de comunicación para a transmisión da información: páxina web, órganos colexiados e equipos de coordinación pedagóxica, ANPA, taboleiros, circulares, correo electrónico, reunións profesorado titor/ familias, boletíns, entrevistas de titoría. • Outras actuacións.
--	--

2.2.HORARIOS

2.2.1. Horario lectivo do centro

1ª SESIÓN	9:30 – 10:20
2ª SESIÓN	10:20 – 11:10
3ª SESIÓN	11:10 – 12:00
TEMPO DE LECER	12:00 – 12:30



Hora de ler	12:30 – 12:50
4ª SESIÓN	12:50 – 13:40
5ª SESIÓN	13:40 – 14:30

2.2.2. Quendas de vixilancia do tempo de lecer

O profesorado distribúese en dúas quendas de vixilancia, de cinco mestres e mestras en Educación Infantil e cinco en Educación Primaria, que vixían en días alternos, excepto os venres que se fai de xeito rotatorio.

Á parte destas quendas, os membros do Equipo Biblioteca fan garda na biblioteca para aquel alumnado que fai uso dela durante o tempo de lecer.

2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No presente curso académico 2022-2023, as conmemoracións estarán organizadas a nivel de aula e/ou a nivel de centro polos equipos correspondentes. Algunhas delas serán:

- SAMAÍN (28 de outubro)
- MAGOSTO (4 de novembro)
- DÍA DAS BIBLIOTECAS (24 de outubro)
- DÍA INTERNACIONAL DA INFANCIA (20 de novembro)
- DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (25 de novembro)
- DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ (30 de xaneiro)
- DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO (23 de febreiro)
- ENTROIDO (17 de febreiro)
- SEMANA DA PRENSA (6-10 de marzo)
- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (8 de marzo)
- SEMANA DA PRENSA (6-10 de marzo)
- SEMANA DO LIBRO (19-22 de abril)



<ul style="list-style-type: none"> - SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (15-19 de maio) - DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE (5 de xuño)
SAÍDAS DO CENTRO
Ao longo do curso o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares organizará as saídas do alumnado en función das propostas do profesorado, a ANPA e outras asociacións sociais ou culturais.
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
<p>Durante este curso a ANPA levará a cabo os luns e mércores a actividade de Pintura e Manualidades e os martes e xoves a de Baile Moderno, distribuíndo ao alumnado asistente en dúas quendas: infantil e primaria.</p> <p>No mes de outubro a ANPA organizou no centro o concerto didáctico “O Son que arrola” a través da Asociación Antonio Gandoy. No mes de novembro organizou o concerto dentro do programa ‘Musiqueando’ da área de cultura da Deputación de Lugo. Ademais, solicitaron o programa ‘Coñece a túa provincia’, ofertado pola Deputación de Lugo, e será o alumnado de 2º de Educación Primaria o seleccionado para realizar a saída o día o 10 de novembro á Ribeira Sacra.</p>

2.4.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR
<p>Este curso 2022-2023, o centro conta con cinco rutas de transporte e un servizo de taxi, para aproximadamente 110 usuarios/as residentes na zona rural. Este servizo abrangue un total de 18?? parroquias do concello de Guitiriz.</p> <p>Neste curso os usuarios do transporte escolar están obrigados a utilizar a máscara cando fagan uso do transporte escolar.</p> <p>No centro existe unha porta de entrada de uso exclusivo para o alumnado transportado. No momento da entrada, o alumnado irá accedendo por filas directamente cara ás aulas. No momento da saída, o alumnado fará filas e irá saíndo de xeito gradual directamente ao seu autobús, evitando aglomeracións.</p> <p>O transporte escolar integrado, xestionado pola Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados e está destinado a alumnado que curse ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria. Na lexislación estatal vixente ten a consideración de servizo educativo complementario e de balde para todos os centros públicos, nos cales teñen dereito á gratuidade do transporte escolar o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria que curse estudos no centro que lle corresponda por adscrición, sempre que ese centro diste máis de dous quilómetros do seu domicilio ou que por circunstancias excepcionais se autorice.</p> <p>Normas de uso para o alumnado</p> <p>Ademais do uso obrigatorio da máscara para os usuarios do transporte durante o</p>



traxecto, existen unhas normas establecidas de xeito ordinario que continúan a ser necesarias.

Todo o alumnado usuario do transporte escolar ten que ser consciente dos perigos existentes e das situacións de risco que hai que evitar, coñecendo os seus deberes para non xerar situacións de perigo:

- Respetar ás persoas responsables deste servizo (condutores/as e acompañantes escolares), facendo sempre caso ás súas indicacións e tratándoas con educación.
- Chegar á parada do autobús con tempo suficiente, polo menos 5 minutos antes da hora á que ten previsto pasar o autobús.
- Non correr ao subir ao autobús nin tampouco ao saír.
- Esperar ata que o autobús pare, abra a porta e o/a acompañante indique o momento de entrar no autobús. Non empurrar para subir en primeiro lugar.
- Non camiñar nunca por detrás do autobús; é moi perigoso xa que quen conduce non pode ver esa zona. Tampouco cruzar diante do autobús nin pegado ao mesmo, xa que o resto dos vehículos non ven o que hai detrás e pode producirse unha situación de risco.
- Despois de subir ao autobús, quedar sentado/a no asento, colocar a mochila e non berrar nin alborotar. Para baixar, esperar a que o autobús estea totalmente parado.
- Asegurarse de non levar nada enriba que se poida enredar na porta do autobús, e non apoiarse nas portas de saída/entrada.

COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor escolar regúlase polo disposto no *Decreto 132/2013 do 01 de agosto*, e na *Orde do 21 de febreiro de 2007* que o desenvolve. A utilización e pago deste servizo está recollido nas *Instrucións 03/2020* da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación. Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo C (entre 151 e 250 comensais), polo que ten concedidas 15 figuras de persoal colaborador, 1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes.

Datos xerais

TIPO DE COMEDOR	C
TIPO DE XESTIÓN	Xestión directa
PROTOCOLO DO COMEDOR ESCOLAR	Pendente de renovación
ALUMNADO QUE FAI USO DO SERVIZO	216
NÚMERO COMENSAIS AUTORIZADO	225
ALUMNADO QUE FAI USO DO SERVIZO DE BALDE	144



ALUMNADO QUE PAGA 1€	18
ALUMNADO QUE PAGA 2,5€	13
ALUMNADO QUE PAGA 4,5€	41

Persoal que intervén no servizo

ENCARGADO	Iago Calderón Soilán
PERSOAL COLABORADOR	12
PERSOAL DE COCIÑA	
OFICIAL 2ª DE COCIÑA	Mª Pilar Buján Quijada
AXUDANTES DE COCIÑA	Mª Jesús Fernández Morandeira Mª Sol Mendoza Lamas

Funcionamento do servizo de comedor escolar

Este curso, o servizo de comedor funcionará nunha única quenda pero o alumnado de Ed. Infantil entrará un pouco antes que o alumnado de Ed. Primaria para evitar que se formen aglomeracións e facilitar o acceso, especialmente ao alumnado máis pequeno. O mesmo sucederá coa hora de saída do comedor.

O horario será de 14:15/14:30 a 15:00/15:15

Son usuarios lexítimos do servizo o alumnado transportado, o alumnado que vive a menos de dous quilómetros ou fóra da zona de influencia do centro (de balde ou de pago en función do nivel de renda da unidade familiar), persoal de cociña e persoal colaborador (gratuito) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (de balde o día da colaboración, de pago o resto). É preceptiva a presentación do xustificante bancario de pago mensual para poder seguir utilizando o servizo de comedor.

Este servizo funciona durante todo o período lectivo.

Dinámica xeral

A dinámica de funcionamento dividiuse en varias fases co obxecto de concretar o máximo posible a organización deste servizo.

FASE I: ENTRADA DO ALUMNADO AO COMEDOR

En Educación Infantil e Primaria o persoal colaborador irá a buscar ao alumnado ás aulas no horario antes sinalado e levaraos en filas ata a mesa que lles corresponda no comedor; previamente o alumnado debe lavar as mans e ter ido ao baño na última hora de clase (o alumnado que non sexa usuario de comedor quedará na aula co correspondente docente).

FASE II: SAÍDA DO COMEDOR E TEMPO DE LECER

A saída do comedor e permanencia no patio será practicamente igual todos os días da semana.



Unha vez finalizada a comida organizarase a saída do comedor e o tempo de lecer nos patios. Comezarán a saír de xeito gradual, por grupos e en fila. O persoal colaborador acompañará ao seu grupo durante o tempo de lecer.

Xestión do comedor

De acordo coa lexislación vixente, o director do centro supervisará a xestión do comedor, pero será o encargado do comedor, en colaboración co persoal de cociña, quen leve ao día o funcionamento do mesmo. Este curso o encargado de comedor será Iago Calderón Soilán (mestre de Educación Física).

Os menús serán elaborados polo encargado en coordinación co persoal de cociña, seguindo as recomendacións da Consellería.

O encargado de comedor trasladará á comunidade escolar os menús ao principio de cada mes a través da web do centro. Tamén estarán colocados de forma visible en diferentes puntos do comedor escolar. O menú tipo estará composto polos seguintes pratos:

- Un primeiro prato composto de legumes, arroz, pasta, verduras ou hortalizas.
- Un segundo prato que adoita incluír carne, peixe ou ovos; acompáñase, polo xeral, de guarnición de verduras, hortalizas ou patacas.
- Unha sobremesa que adoita ser froita da temporada ou derivados lácteos como queixo ou iogur.

3. ASPECTOS CURRICULARES

3.1. PLANS

PLAN DE BIBLIOTECA

Liñas prioritarias en relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”

- Rematar co expurgo comezado o pasado curso (segundo as recomendacións da Asesoría).
- Decidir a nosa clasificación da CDU (atendendo ás características do noso centro).
- Empezar a catalogación de fondos.
- Facer carnés para automatizar os préstamos.
- Continuar actualizando e renovando os fondos atendendo ás suxestións da comunidade educativa que se coñecerán a través de enquisas, reunións,.....
- Incluír a robótica nas actividades da biblioteca a través da creación dun espazo Maker.
- Abrir a biblioteca á comunidade educativa, especialmente ás familias, para que



poidan retirar fondos.

- Realizar reunión periódicas para a planificación das actividades e a avaliación e actualización do traballo desenvolvido

Liñas prioritarias en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

- Sinalizar de xeito accesible os recursos/espazos da biblioteca.
- Promover o emprego de “caixas temáticas” en función do que se estea traballando nas aulas (educación para a saúde, educación sexual, educación inclusiva, racismo, ...).
- Ampliar a biblioteca a outros espazos do centro (sempre co criterio de accesibilidade).
- Rexistrar os recursos existentes no centro para o coñecemento e difusión da comunidade educativa.
- Darlle publicidade de xeito creativo ás novidades que se vaian adquirindo.
- Organizar encontros con autoras, músicos, ilustradoras, ...
- Continuar coa difusión das actividades da biblioteca nas redes sociais.

Liñas prioritarias en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual “competencia dixital”)

- Formar ao alumnado colaborador para que desenvolva calquera das catro responsabilidades que pode ter nos tempos de lecer: tics, traballo (para proporcionar material/recursos ao alumnado que está realizando algunha actividade), axuda (cando alguén ten dúbidas unha vez que está na biblioteca) ou xestión de préstamos.
- Promover a formación de persoas usuarias.
- Potenciar o emprego dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Desenvolver o PDI previsto para este curso (e que a situación de emerxencia sanitaria só nos deixou empezar) a través do traballo interdisciplinar e tendo como obxectivo un produto social relevante.

Liñas prioritarias en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)

- Revisar o Proxecto Lector coa colaboración do resto do profesorado e, especialmente, co EDLG.
- Facer das liñas de formación do PFPP do centro (robótica e educación emocional)



dous eixes básicos da biblioteca.

- Impulsar a “hora de ler”.
- Fomentar a participación en actividades que teñan que ver coa lectura/escritura: concursos literarios, talleres, ...
- Continuar coas *mochilas viaxeiras*, ampliando o seu uso e creando a *mochila de EF* (como parte do Proxecto Deportivo de Centro).
- Incrementar o gusto pola lectura empregando aplicacións informáticas, con paneis informativos que fagan que o alumnado se achegue á biblioteca, ...
- Facer un club de lectura.

Liñas prioritarias en relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

- Continuar coa adquisición de materias para unha axeitada atención á diversidade (lectura fácil, pictogramas, material multisensorial, ...)
- Potenciar a saída deses recursos para *todo o alumnado*.
- Colaborar co DO para decidir recursos, organización dos espazos, ...
- Sensibilizar á comunidade educativa a respecto da inclusión, igualdade, diversidade, ... (coa colaboración do DO e do EDLG).

Outras actuacións

- Repensar os espazos da biblioteca para poder ter centralizados nela os recursos de robótica e impresión 3D.
- Conmemorar os días que se recollen no calendario escolar e todos aqueles que consideremos importantes (e o tempo nos permita facelo con criterio e coherencia).

Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar

- **Criterios:** serán os que se redacten partindo de cada un dos obxectivos propostos nas liñas prioritarias.
- **Procedementos:** observación sistemática e intercambios orais, gravacións e análise e observador externo e cuestionarios.
- **Instrumentos:** rexistro anecdótico, listas de control, entrevistas, postas en común, asembleas, cuestionarios abertos, estatísticas do Programa Meiga...
- **Indicadores de logro:** redactaranse de cada un dos obxectivos propostos cando ao levarse á práctica, se concreten e temporalicen.

Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

A persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca será Lucía Rivas Mourelas, orientadora do centro. Contará para o equipo con profesorado do centro



que teña carácter definitivo (para unha mellor continuidade do traballo a desenvolver) e de todos os niveis e departamentos (na medida do posible) para que a biblioteca sexa o corazón do centro: de onde parte e a onde chega todo.

Contará con 4 horas de dedicación á semana e valorarase a posibilidade de incluír algunha hora nos horarios do resto do equipo.

O horario de apertura da biblioteca é o tempo de lecer da mañá de luns a venres, ademais das horas que o profesorado titor de cada grupo decida dentro do horario lectivo.

PLAN ANUAL DE LECTURA

1. ÁMBITOS DO PLAN DA LECTURA E CRITERIOS UTILIZADOS PARA A SÚA PLANIFICACIÓN

1.1. HORA DE LECTURA

O Plan de lectura terá un espazo e un tempo propio dentro do currículo que se programará de forma específica e concretarase de forma diferente en cada unha das áreas. Non debemos esquecer que calquera plan lector reclama tempo na aula e para favorecer a aprendizaxe e a formación do hábito lector, precisarase dun programa de aula práctica e clara que dignifique a actividade lectora.

Temos establecida dentro do horario lectivo a *Hora de ler*. Son vinte minutos despois do recreo todos os días.

O profesorado nas súas programacións incluírá o uso da lectura como medio de información, investigación e ocio do alumnado, para asegurar a mellora da competencia lectora e o gusto pola mesma, non sendo esta unha actividade puntual, senón que será un requisito asumido por todo o profesorado.

O Plan de Lectura organizarase por niveis, onde o profesorado deses niveis seleccionará unha serie de libros co propósito de que durante o curso académico o alumnado lea. Cadaquén lerá en función da súa competencia lectora e dos seus intereses temáticos dependendo do seu nivel, co fin de crear, entre a diversidade da aula o seu propio itinerario lector.

Os contidos e as actividades da *Hora de ler* centraranse na práctica da lectura de todo tipo de textos co fin de animar a ler, ensinar a desfrutar coa lectura, a escritura e a práctica oral e fomentar o hábito da lectura de maneira que se adquiran e se consoliden as capacidades e competencias básicas.

1.2. ACTIVIDADES

1.2.1. ACTIVIDADES XERAIS

As actividades e actuacións principias do proxecto lector e escritor circunscríbense no ámbito da aula-clase a través da lectura comprensiva diaria, as lecturas guiadas, o contacto con textos diversos, as lecturas realizadas polo profesorado e o alumnado , o



diálogo, a conversación sobre determinados libros e lecturas, a confrontación de puntos de vista sobre as lecturas realizadas... Polo que será nas programacións didácticas onde se concreten estes elementos do proxecto lector.

Dentro das actividades e actuacións de carácter xeral podemos enumerar as seguintes.

De lectura diaria: atendendo á lexislación vixente, faremos a nivel de titoría lectura diaria. Para iso implicaranse tanto as familias como o centro. Por parte do centro mercaranse lotes e libros adaptados ás distintas idades garantindo un exemplar para cada neno/a da aula. Eses exemplares quedarán na biblioteca unha vez rematados.

Por outro lado cada familia mercará algún libro indicado polo titor ou titora para chegar ao colexio a fin de poder dispoñer todos do mesmo e facer as mesmas actividades.

Estableceremos como obrigatorios os seguintes libros:

- *1º curso de educación primaria. 1 por trimestre.*
- *2º curso de educación primaria: 1 por trimestre.*
- *3º curso de educación primaria: 1 por trimestre.*
- *4º curso de educación primaria: 1 por trimestre.*
- *5º curso de educación primaria: 1 por trimestre.*
- *6º curso de educación primaria: 1 por trimestre.*

Fomentarase a lectura en lingua galega porque, aínda sendo alumnado maioritariamente galego falante, na escrita libre tende a facelo en castelán, perdendo así o galego a súa categoría de lingua de uso en todo os eidos.

Sería interesante en quinto e sexto de primaria iles introducindo na lectura dun libro en inglés, sempre e cando o nivel do grupo sexa o adecuado.

Na reunión de principio de curso recomendarase ás familias que cada neno ou nena sexa posuidor dun número de libros na súa casa para que así poida adicar cada día un tempo á lectura ao mesmo tempo que fomentamos o interese por ela. Os libros estarán adaptados ás idades e intereses da rapazada.

Cabe a posibilidade, sempre que as familias estean de acordo, incluso de facer préstamos entre as distintas aulas dos libros mercados polas familias co fin de ter unha maior oferta e un aforro económico.

De produción onde se desenvolverán talleres creativos, que potencien a utilización de recursos dispoñibles no centro, formación de usuarios no servizo das bibliotecas, intervencións para o desenvolvemento de habilidades de información e de investigación, actividades conxuntas de animación lectora...

De recepción de apoios externos, visita de escritores/as, ilustradores/as, contacontos...

De complemento a través de saídas escolares : visitas a periódicos, biblioteca , exposicións, ...



Relacionadas coas celebracións e efemérides como o día do libro, letras galegas, o día da paz...

De apoio aos programas e proxectos nos que está inmerso o centro (TIC, convivencia escolar, lingüístico...)

1.2.2. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

1.2.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL. SEGUNDO CICLO

- *Contar contos o profesor/a en diferentes contextos.*
- *Xogar a buscar un libro concreto a partir do seu protagonista ou do tema da ilustración.*
- Xogar a identificar nos libros e carteis os obxectos e as accións da vida cotiá.
- Explicarlle aos nenos e nenas historias utilizando o libro como fonte.
- Espertar o interese formulando algunhas preguntas sobre o título, o autor e as ilustracións.
- Xogar coas palabras que forman o título.
- Evocar o nome de imaxes e debuxos.
- Enumerar os nomes dos obxectos que aparecen nunha lámina.
- Inventar o final dun conto.
- Ordenar as viñetas dun conto e contar a historia.
- Reforzar a narración oral mediante gravacións sonoras ou fílmicas.
- Visitar a biblioteca xeral.
- Buscar información gráfica en libros seleccionados a partir do nome da clase ou de determinados centros de interese.

1.2.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA: PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

Realizar actividades que favorezan:

- O recoñecemento das regras de conversión
- Asociación de debuxo-letra e debuxo-movemento
- Enumerar palabras que comezan, finalizan ou conteñen o mesmo son
- Construír as grafías
- Copiar e ditado de letras e sílabas, familia de palabras
- Lectura de sílabas mixtas e trabadas
- A fluidez lectora adecuada:
- Lectura de columnas de palabras, frases e textos sinxelos
- Lectura e memorización de poesías, refráns, trabalinguas, etc.
- A comprensión lectora
- Lectura dirixida polo profesor/a
- Asociar palabras con debuxos e experiencias que sexan significativas para os nenos e nenas etc.



- A comprensión de frases u oracións:

Significado das palabras

Completar frases, ampliar oracións, ordenar oracións, etc

- A comprensión de textos sinxelos:

Comprensión de palabras

Comprensión sintáctica u oracional

Enumerar palabras, relacionar ideas

Escribir narracións curtas a partir dun patrón

- Estratexias e xogos de lectura: encrucilladas, palabras cruzadas, sopa de letras

A utilización da biblioteca

- Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto.

- Observar as distintas coleccións de ficción e determinar si existe un criterio de colección

- Buscar libros dun mesmo autor, con debuxos de distintos ilustradores e viceversa.

- Relacionar, mediante fichas, algunhas ilustracións e os seus correspondentes pés textuais

1.2.2.3 EDUCACIÓN PRIMARIA: TERCEIRO E CUARTO CURSO

Realizárase previamente, unha avaliación inicial do alumnado co fin de axustar o punto de partida a nivel de grupo-clase. Se consideramos que hai alumnos/as que non superaron a realización das actividades iniciais deseñaremos actividades de carácter complementario para intentar conseguir os obxectivos de aula-clase.

Realizáranse actividades que favorezan:

O desenvolvemento da velocidade lectora:

- Ler columnas de palabras aumentando progresivamente o nº de sílabas.
- Ler textos en columna aumentando progresivamente o tamaño das columnas.
- Lectura de palabras, frases e textos presentados de maneira breve.
- Traballar a ortografía e os signos de puntuación.

A comprensión lectora:

- Buscar unha información dun texto.
- Ler un texto como entretemento.
- Ler un texto para comprender o que se di del.
- Lectura de parágrafos co fin de comprender o seu significado.
- Traballar a frase e o parágrafo.
- Facer un resumo.
- Contestar preguntas sobre un texto.

Uso de estratexias de comprensión:

- Identificar a información en cada unha das partes mediante o subliñado.
- Identificar as ideas principais dun texto e de cada parágrafo.



- Elaborar resumos.

Identificación da estrutura retórica dos textos:

- Lectura de textos narrativos e descritivos
- Identificar as diferentes partes dos textos narrativos (antes-durante-despois).
- Completar textos narrativos aos que lles falta unha parte da súa estrutura.
- Construír textos narrativos e descritivos.
- Completar textos descritivos sobre personaxes, obxectos, paisaxes...., Elaborar descripcións a partir de patróns previos.
- Traballar a frase e o parágrafo.
- Analizar a estrutura dun texto: título, autor, parágrafo.

Favorecer as estratexias e xogos de lectura:

- Sopa de letras, palabras cruzadas, encrucilladas
- Frases encadeadas, ordenar frases.
- Saco das letras, das sílabas ou das palabras.

Favorecer a utilización da biblioteca:

- Coñecer o libro como principal fonte de información.
- Identificar os diferentes soportes informativos.
- Recoñecer as mencións do autor, ilustrador, editor...nos documentos.
- Identificar o tema do libro .
- Localizar unha información concreta a partir do sumario.

1.2.2.4 EDUCACIÓN PRIMARIA: QUINTO E SEXTO CURSO

Consideramos que as actividades a realizar neste ciclo son unha continuidade do anterior, só que se centrarán máis nos textos de carácter expositivo. Non debemos esquecer partir dunha avaliación inicial e que seguramente algúns alumnos e alumnas deberán continuar con actividades propias do 2º ciclo.

Realizaranse actividades que favorezan:

A comprensión lectora de textos expositivos, narrativos e descritivos.

Buscar unha información nun texto.

Ler textos de diferentes xéneros.

Ler un texto como entretemento.

Ler un texto para comprender o que se di del.

Ler un texto co fin de facer un resumo

Dado un texto explicar o obxectivo que pretende a lectura.

Comprender palabras a partir do contexto no que aparecen.

Lectura de parágrafos co fin de comprender o seu significado.

Realizar preguntas sobre un texto.

O uso de estratexias de comprensión:

- Identificar a información en cada unha das partes dun texto mediante o subliñado.

- Identificar as ideas principais dun texto “resumindo” o que di cada parágrafo en “poucas palabras”.
- Elaborar resumos a partir de textos concretos.
- Subliñar a información relevante dun texto.
- Identificar as ideas de cada parágrafo.
- Elaborar resumos, esquemas, mapas conceptuais...

A identificación da estrutura retórica dos textos:

- Lectura de textos expositivos e ver idea xeral do texto e argumento.
- Dado un texto identificar a estrutura que posúe.
- Completar textos expositivos.
- Construír textos narrativos, descritivos e expositivos.
- Analizar as características dos textos que se utilizan nas diferentes materias do currículo.

A utilización da biblioteca:

- Coñecer a xestión da biblioteca (registro, catalogación, préstamo, ordenación, etc).
- Distinguir os libros de consulta do conxunto de libros documentais.
- Analizar a concreción e a rapidez das respostas obtidas nunha consulta previamente preparada polo profesor/a .
- Identificar nun conxunto de libros: esquemas, glosarios, recadros, gráficos, citas e notas a pé de páxina.

1.3. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A realidade educativa establece a necesidade de dar resposta á diversidade do alumnado e por iso temos a obriga, segundo a lexislación vixente e como persoas que desenvolven un traballo para a mellora da sociedade, e por eficacia persoal, a tomar as medidas que consideremos para satisfacer as necesidades do alumnado.

De aí que o profesorado teremos que planificar e poñer en práctica unha serie de estratexias de procesos de lectura para poder atender adecuadamente a totalidade do alumnado da aula-clase e cumprir así o principio de atención a diversidade, un dos pilares do quefacer educativo nos currículos de educación Infantil e Primaria.

1.3.1. Obxectivos

- ☑ Prestar atención aos distintos ritmos e niveis de aprendizaxe.
- ☑ Partir dunha avaliación inicial para coñecer a situación de partida do alumnado no proceso lector e poñer en práctica as medidas que se consideren atendendo ás necesidades e características de cada alumno/a.
- ☑ Posibilitar a selección por parte do alumnado de algunha lectura para favorecer a comprensión lectora e a motivación para aprender a aprender.

1.3.2. Actividades

As actividades a desenvolver serán variadas e graduadas en dificultade e en profundi-



dade respecto aos obxectivos que queremos conseguir co Plan de Animación a Lectura.

- Presentaremos actividades que permitan diversos tipos de execución:
- Utilizaremos formas de traballo cooperativo a través de proxectos de animación lectora.
- Realizaremos agrupamentos flexibles de alumnado para determinadas actividades.
- Utilizaremos a biblioteca do centro, biblioteca de aula, aula de informática... para desenvolver a capacidade de aprender a aprender e ensinalle estratexias de procura de información.

1.4. AVALIACIÓN

Avaliación inicial no inicio de ciclo para ver o punto de partida, grao de competencia lectora e competencia escrita co fin de dispoñer da información relevante e tomar as decisións necesarias ao respecto.

Avaliación procesual durante o período do Plan de Lectura que nos permitirá posibilitar mecanismos correctores e ver o proceso de ensinanza.

Avaliación sumativa para comprobar o cumprimento dos obxectivos fixados onde teremos en conta a situación do alumnado, o ciclo educativo no que se atopa e as súas propias características e posibilidades. Poderemos utilizar para o seguimento, tanto nos resultados como no proceso, o uso de cuestionarios, fichas de observación e outros para comprobar o proceso lector do alumnado.

PLAN DE ORIENTACIÓN

1. Introducción

A nosa intervención está baseada nos seguintes textos legais:

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- **Lei 27/2005**, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz (BOE número 287, do 1 de decembro de 2005).
- **Real Decreto 732/1995**, de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.
- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Real decreto 132/2010**, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade autónoma de Galicia.



regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo).

- **Circular 18/2007**, das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servicios de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular nº 10/2008** da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante.
- **Instrucións** da dirección xeral de ordenación e innovación educativa polas que se clarifican determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria, dos colexios de educación infantil e primaria e dos centros públicos integrados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **Decreto 374/1996** do 17 de outubro (DOG do 21) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97.
- **Orde do 22 de xullo de 1997** que desenvolve o anterior decreto.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Real Decreto 132/2010**, do 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros educativos.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro**, polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria.
- **Decreto 105/2014**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 19 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003)
- **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.



- **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro).
- **Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo**, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (BOE. Do 31-7-2003).
- **Orde do 28 de outubro de 1996** pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- **Orde do 20 de febreiro de 2004**, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- **Orde de 23 de xuño de 2011** pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven:

- A orientación educativa e profesional do alumnado debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria.
- A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- O dereito básico do alumnado de recibir orientación educativa e profesional e o das familias a ser oídas naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas.

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e coa contorna, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, consecuentemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todo o profesorado que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise



da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagógico-didáctico que organiza as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagógico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do PE como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o departamento de orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesorado e as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O noso PO estrutúrase en varios bloques:

- Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- Accións de orientación prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios e formas de avaliación do Plan de Orientación.
- Aprobación do PO.

Dentro das estratexias de intervención figuran o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial. Este último inclúe como subprogramas:

- O programa de avaliación do alumnado de educación infantil.
- O programa de acollida.
- O programa da mellora da convivencia.
- O programa de preparación para a ESO.

2. Xustificación baseada na contorna

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades da contorna á que vai dirixida e na que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

2.1. Características dos centros

O CEIP Plurilingüe Lagostelle está emprazado na zona denominada "Lagostelle" e



situado na vila de Guitiriz, capital do concello do mesmo nome, localidade duns 2.000 habitantes. A poboación aproximada do concello é duns 6.000 habitantes e a súa extensión de 278 Km².

O CEIP Sto. Estevo está situado na localidade de Parga no concello de Guitiriz. A distancia entre ambas localidades é de 7,8 km.

2.2. Alumnado

Do CEIP Lagostelle: o número total de alumnos/as no curso 2022-2023 é de 253.

A maioría do alumnado procede do medio rural onde a poboación está moi dispersa polo que para desprazarse ata o centro utilizan o transporte escolar, e xustamente por iso hai moi poucos nenos ou nenas que manteñan contacto cos seus compañeiros/as despois da xornada escolar.

A participación nas actividades complementarias do propio colexio é do 100%.

O tempo libre dedícanos aos xogos e deportes, así como a ver a televisión, e en moi poucos casos axudan nas labores e traballos do campo.

Con respecto ás tarefas escolares, segundo manifestan, a maioría ten axuda dos seus pais/nais ou irmáns. Así mesmo as familias, en xeral, coñecen o horario e as tarefas dos seus fillos/as.

O alumnado do centro está distribuído en 4 unidades de educación infantil e 11 de Educación Primaria.

2.3. Demandas da Comunidade Educativa

A maioría das demandas que se fan ao departamento de orientación relaciónanse coa procura de solucións para problemas específicos dalgún alumno ou alumna. Aínda que gran parte delas parten dos titores/as, tamén hai demandas a outros servizos como Asociación Síndrome de Down de Lugo, servizos sociais do Concello, especialistas que traballan co alumnado prestándolle apoio fóra do centro, Saúde Mental, ...

As demandas das familias van en aumento, aspecto moi positivo, xa que, como axente primario da educación da infancia, a boa relación centro/familia é fundamental para unha axeitada resposta educativa do alumnado en xeral.

2.4. IES de referencia

Este departamento está adscrito ao IES Poeta Díaz Castro, situado na mesma vila e mantemos contactos periódicos co fin de facer unha posta en común dos traballos realizados e a análise conxunta das necesidades que detectamos. Trabállase fundamentalmente co alumnado que o próximo curso se escolarizará en 1º de ESO.

O centro adscrito a este departamento é o CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga.

3. Obxectivos

a) Con relación ao centro

- Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.



- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Participar na revisión dos documentos de planificación e xestión do centro.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes de tolerancia e a prevención de condutas violentas.
- Promover actuacións dirixidas á mellora continua da calidade.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando ademais cambien de centro educativo.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Participar no desenvolvemento de programas integrados ou por ámbitos de intervención que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos ou de varios centros a través de proxectos de actuación conxunta.
- Contribuír á realización de estudos e análises das necesidades do alumnado do centro.
- Coordinar os programas de Emociona-T, Inclúe-T e Iguála-T.

b) Con relación ao alumnado

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Levar á práctica un deseño funcional da orientación educativa e acción titorial con fins preventivas, compensadoras e de desenvolvemento persoal.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, incardinadas no propio currículo.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con neae, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Colaborar no desenvolvemento da intelixencia emocional.

c) Con relación ao profesorado

- Asesorar ao profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.
- Colaborar na resolución das necesidades que teñan as titoras e titores para levar a cabo a función titorial.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, o profesorado especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica e a orientadora, de cara a dar resposta ás neae do alumnado.



- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.
- Asesorar no deseño, seguimento e avaliación das ACS.
- Coordinar o proceso de avaliación formativa do alumnado, especialmente no caso das neae e a información ao alumnado e ás familias.
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que presente o alumnado e a pronta intervención para tratar de remedialos.
- Asesorar ao profesorado titor e ao resto do profesorado na elaboración da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade, proponendo as oportunas modificacións cando sexa necesario.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial
- Promover o traballo compartido e a innovación educativa.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Potenciar a relación coas familias.
- Promover o desenvolvemento da intelixencia emocional.

d) Con relación ás familias

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos.
- Establecer contactos periódicos coas familias co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- Implicalas no desenvolvemento da intelixencia emocional.

e) Con relación a outras institucións

- Realizar reunións periódicas co departamento de orientación do IES de cara a lograr unha liña de actuación conxunta.
- Establecer canles de colaboración con entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado en xeral e do alumnado con NEAE en particular e mellorar así a convivencia do centro.
- Manter contactos cos servizos sociais do Concello.
- Manter contactos co EOE, derivando problemas específicos para recibir asistencia técnica.
- Manter contacto para coordinación con servizos externos (academias, clínicas, logopedas...) do alumnado do centro.
- Establecer canles de comunicación con todas aquelas institucións coas que o noso alumnado estea implicado para desenvolver pautas conxuntas de actuación.

4. Liñas prioritarias de actuación

Os **obxectivos** sinalados nos apartados anteriores agrupámoslos en tres liñas fundamentais de traballo:



- Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe.
- A acción tutorial.
- A orientación académico-profesional.

As **actividades** que se priorizarán neste curso serán:

- Atención á diversidade de alumnado presente no Centro.
- O fomento e colaboración no seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Tutorial.
- O asesoramento ao equipo docente e ao equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación, das posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas e profesionais que delas derivan.
- O asesoramento ao alumnado e as súas familias.
- Asesoramento en programas específicos para o alumnado con NEAE.
- Elaboración dun plan de acollida para o alumnado de nova incorporación ao centro.
- Análise, valoración e propostas de mellora dos documentos de planificación e xestión dos centros.
- Plan de orientación académica e de toma de decisións para alumnos e alumnas de 6º de Educación Primaria.
- Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- Creación e adquisición de recursos materiais para o alumnado con NEAE.
- Desenvolvemento do programa de Educación Responsable.
- Mellora da intelixencia emocional da comunidade educativa.

5. Estratexias de intervención

5.1. En relación co alumnado

- Actividades de acollida que se recollerán nun plan, tendo especialmente en conta o alumnado de novo ingreso.
- Colaboración dos equipos docentes, titoras ou titores, familias e o departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.
- A orientadora propoñerá o modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando á xefa de estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Será labor de todo o profesorado do grupo, coordinados polo titor ou titora en colaboración co departamento de orientación, axudar ao alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual.
- O profesorado titor poñerá en práctica estratexias encamiñadas a que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo e das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo.
- Os equipos do profesorado poñerán en práctica estratexias encamiñadas a informar ao alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado e a afondar na correcta



utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

5.2. En relación co profesorado e as familias

Poñeranse en práctica estratexias que conduzan a:

- Detectar e previr conductas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do Centro que afectan ao seu grupo.
- Participar activamente no desenvolvemento do plan de acción titorial.
- Informar ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumnado titorizado.
- Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado.
- Organizar as xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:

1. Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
2. A situación actual do alumnado con NEAE.
3. Os materiais empregados.
4. A metodoloxía aplicada.
5. A situación do grupo-clase.

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais, etc.
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos ou fillas e así mesmo, recoller a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumnado.

6. Criterios de avaliación do Plan de Orientación

Realizarase unha avaliación formativa ao longo do curso tendo en conta os acordos tomados nas distintas reunións que se celebren durante o ano académico (co equipo de orientación específico, departamento de orientación, claustro, consello escolar, comisión de coordinación pedagóxica, ...).

Ao remate do curso farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos. Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do plan do seguinte curso.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Por outra banda, o alumnado NEAE é aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas



capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O plan xeral de atención a diversidade, pretende ser un documento referente para ofrecer unha resposta educativa ao noso alumnado que compense as diferenzas individuais no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da nosa comunidade educativa.

Reunións e coordinación do Departamento de Orientación

As xuntanzas do Departamento de Orientación terán lugar una vez ao mes. Ademais a xefa do D.O. reunirse individualmente coas especialistas de PT e AL sempre que o considere necesario. De ser preciso, convocaranse reunións extraordinarias co profesorado titor e outros representantes da comunidade educativa, co obxectivo de acadar un maior grao de efectividade no tratamento das NEAE.

Este Departamento tamén estará coordinado co D.O. do IES Poeta Díaz Castro, instituto no que continuará os estudos o noso alumnado, así como co Equipo de Orientación Específico cando sexa necesario. Manterase a colaboración con diferentes asociacións e entidades sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa, establecendo actuacións comúns que favorezan unha mesma liña de traballo.

Tamén se tomarán medidas para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden na súa labor educativa, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida do centro.

Identificación e valoración de necesidades

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade. A continuación, preséntase un breve resumo das necesidades do noso alumnado:

- Discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado TEA.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alteracións na linguaxe e comunicación.
- Alumnado cun nivel de competencia curricular baixo.
- Alumnado con necesidades de compensación educativa e en risco de exclusión social.

Determinación de obxectivos con relación ao alumnado

- Potenciar e desenvolver a orientación a todo o alumnado en función das súas características, capacidades e necesidades propias.



- Avaliar ao alumnado con posibles problemas articulatorios na fala oral.
- Desenvolver programas e medidas de atención á diversidade.
- Facilitar apoio pedagóxico a aquel alumnado que o precise, colaborando na realización de AC, se fose necesario.
- Identificar ao alumnado con NEAE, valorar a súa individualidade e participar nas actuacións permanentes.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten a toma de decisión e a adopción de medidas que respondan ás necesidades de todo o alumnado, optimicen a acción educativa e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas educativas.
- Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá das necesidades.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto pola diferenza.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular ao que presenta NEAE.

Determinación de obxectivos con relación ao profesorado

- Sensibilizar á comunidade educativa e, en especial, ao claustro, da necesidade de colaboración de todos os sectores para acadar os obxectivos fixados e contribuír a unha maior calidade da ensinanza.
- Colaborar nos procesos de elaboración, aplicación e avaliación/revisión dos proxectos curriculares.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades e programas de formación, así como no intercambio de experiencias no ámbito da atención a diversidade.
- Coordinar, asesorar e dinamizar a acción tutorial.

Determinación de obxectivos con relación ás familias

- Fomentar e facilitar a relación familia-profesorado para buscar solucións aos problemas ou dificultades do alumnado.
- Asesorar sobre as actividades levadas a cabo na escola e na educación dos seus fillos.
- Orientar e informar nos aspectos que resulten básicos para atender a alumnado con NEAE.

Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

- O profesorado titor será quen realice as primeiras medidas de atención á diversidade.
- O alumnado contará con informe que ditamine as necesidades, orientacións e



propostas de atención educativa.

- As intervencións levaranse a cabo nas áreas instrumentais, en función das necesidades e aproveitamento, procurando que o alumnado obxecto de tal medida asista a educación física, lingua estranxeira (inglés), música e relixión para propiciar a inclusión, socialización e integración.
- Cando o alumnado non asista a clase o profesorado de PT e AL poderá cubrir esta hora atendendo a outro discente.
- O emprazamento do apoio será preferentemente dentro da aula, aínda que en casos debidamente xustificadas e puntuais poderán realizarse fóra desta.

Prioridades para levar a cabo os reforzos

- Dar prioridade ao alumnado con NEAE, sobre todo aos que precisan AC ou teñen un informe de avaliación que así o xustifica.
- Prestar atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisan reforzo educativo coa seguinte orde de prioridade:
 1. Alumnado que non acada os obxectivos e xa non pode permanecer máis tempo no nivel.
 2. Alumnado que comeza a súa escolarización en Educación Primaria e presenta NEAE.
 3. Alumnado que promocionou ao nivel seguinte con avaliación de Insuficiente e Reforzo Educativo pero ten aínda un ano para permanecer no nivel.
 4. Alumnado procedente do estranxeiro ou doutros centros ao que se lles detectan NEAE como resultado da avaliación inicial.
 5. Alumnado avaliado con Insuficiente dentro do nivel.
 6. Alumnado que sempre foi avaliado con Suficiente, pero que atravesa un momento difícil na súa aprendizaxe e precisa un apoio puntual.
 7. Resto de alumnado.
- Á hora de organizar os apoios tamén se terá en conta a ratio profesorado/alumnado, dando prioridade aos grupos máis numerosos.
- Os apoios faranse preferentemente nas aulas ordinarias.
- A distribución horaria será variable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.
- A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- O alumnado suxeito de reforzo educativo e que non puidese recibir, ou non se considerase necesario, o apoio especializado, recibirá este apoio por parte do profesorado titor ou de profesorado preferentemente do mesmo nivel.



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

No curso 2022-2023 o CEIP Plurilingüe Lagostelle conta cun total de 253 alumnos e alumnas distribuídas/os do seguinte xeito:

4ºEI	5ºEI A	5ºEI B	6º EI	1ºA	1ºB	2º	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB
18	16	17	24	19	16	21	20	15	13	14	17	13	15	15

Asumindo que a acción titorial compromete á totalidade do profesorado no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, pretendemos que este plan ofrezca unha resposta do centro ás necesidades do noso alumnado.

Obxectivos da acción titorial

- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PEC.
- Coñecer as características do alumnado a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, integración no grupo, relacións...) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden.

Desenvolvemento da acción titorial en Educación Infantil

- Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acollda.
- Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal á familia, de cara á obtención da información necesaria para a avaliación inicial.
- Cubrir os documentos de avaliación do expediente persoal do alumnado.
- Análise do expediente persoal do alumnado e de toda aquela información que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Realización das reunións xerais coas familias que se determine para informalas de todo o relativo á programación e ao desenvolvemento do proceso educativo.
- Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- Promoción da coordinación entre as etapas de Infantil e Primaria.
- Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumnado, establecendo canles de comunicación e colaboración que favorezan a educación integral.



- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade/absentismo.
- Promoción e coordinación de actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.
- Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Coordinación da acción común do profesorado do mesmo grupo.
- Transmitir ao profesorado todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.

Desenvolvemento da acción tutorial en Educación Primaria

- Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes do curso e/ou etapa anterior e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realización das reunións xerais coas familias para informalas de todo o relativo á programación e ao desenvolvemento do proceso educativo.
- Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa intervención no desenvolvemento global do alumno e, concretamente, nas tarefas de estudo.
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Participación no deseño e posta en marcha de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumnado e á promoción da convivencia.
- Organización das sesións de avaliación, coordinando todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno e responsabilizándose de cubrir as actas.
- Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumnado.
- Procurar a colaboración das familias e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento do alumnado.
- Actualización do expediente do alumnado.
- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade/ absentismo.
- Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- Transmitir ao profesorado todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e



orientadoras.

- Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.
- Participación en 6º de Educación Primaria no deseño e desenvolvemento do programa de preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.

PLAN PROXECTA

Obxectivos relacionados co Proxecto “Donas de Sí”

- Investigar, analizar e coñecer a realidade de mulleres da contorna.
- Promover o uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva.
- Aprender a crear espazos de información accesibles (accesibilidade cognitiva e física).
- Buscar información sobre mulleres discriminadas polo feito de selo e por calquera outra condición.

3.2. PROXECTOS

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A situación lingüística do centro

En canto á asignación da lingua galega e o castelán como linguas vehiculares nas distintas materias do currículo, o centro amosa esta situación:

a) En Educación Infantil:

Dende o equipo docente de Educación Infantil maniféstase un uso equitativo das dúas linguas, empregando galego e castelán nun 50% cada unha.

b) En Educación Primaria:

GALEGO	Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Valores Sociais e Cívicos/Proxecto Competencial e Relixión.
CASTELÁN	Lingua Castelá, Matemáticas, Educación Física e Música.

Asistimos a unha situación de equilibrio no reparto do galego e o castelán como linguas vehiculares nas materias curriculares, e na comunicación espontánea que se produce nos distintos momentos e espazos da xornada escolar hai un uso predominante da lingua galega por parte da maioría das persoas da comunidade educativa.

Obxectivos en relación co contorno sociolingüístico

- Empregar a lingua galega na interacción co entorno como un medio de relación e convivencia.
- Valorar e estimular a lingua galega como lingua propia e mostra de identidade de Galicia, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural



enriquecedor.

- Ofrecer a toda a comunidade educativa unha imaxe moderna da lingua galega, vinculándoa ás novas tecnoloxías e amosando o seu uso en sectores sociais prestixiados.
- Sensibilizar e informar sobre distintas problemáticas sociolingüísticas que se detecten.
- Abordar o escenario educativo escolar para contribuír á dinamización lingüística e cultural do contexto municipal.

Obxectivos en relación co profesorado

- Informar sobre aspectos concernentes ao uso correcto e normativo do galego.
- Sensibilizar ao profesorado acerca do valor da utilización da lingua galega nas relacións cotiás.
- Animar ao profesorado a participar en todas as actividades que se leven a cabo para promover o uso do galego.
- Contribuír a recuperar elementos da cultura popular galega.
- Colaborar cos outros equipos de dinamización (de biblioteca, actividades extraescolares e TICs) no desenvolvemento de iniciativas nas que o vehículo de comunicación sexa o galego.

Obxectivos en relación co alumnado

- Desenvolver actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua galega.
- Potenciar o gusto pola lectura de textos e libros en galego.
- Achegarse ao coñecemento de obras literarias escritas en galego e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
- Fomentar entre o alumnado o emprego do galego como medio de expresión na comunicación espontánea, fóra tamén do contexto académico.
- Mellorar os usos cultos do alumnado.
- Descubrir e valorar elementos da riqueza etnográfica da cultura galega.

Obxectivos en relación coa situación lingüística do centro

- Impulsar a páxina web e as redes sociais do centro como plataformas dinamizadoras da lingua galega.
- Potenciar a estima e o coñecemento da cultura popular galega.
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa da carga sexista do uso da linguaxe.
- Promover o uso da linguaxe inclusiva e non sexista en todas as comunicacións do



centro.

Descrición de actividades en relación cos obxectivos propostos

- Uso do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre todas as persoas da comunidade educativa.
- Divulgación de experiencias innovadoras no centro a través da páxina web e das redes sociais.
- Participación en campañas que propoñen distintas institucións, asociacións, centros...
- Uso do taboleiro da sala de profesores para colgar informacións variadas en torno ao galego: disposicións, instrucións, novidades...
- Difusión de materiais e recursos en galego entre compañeiras e compañeiros.
- Presencia activa nas celebracións xunto ao alumnado para transmitir entusiasmo pola fala galega.
- Lectura de textos diversos nas aulas para un goce colectivo do valor literario da lingua galega, dotada tamén de profundidade discursiva e emotiva.
- Elaboración, gravación e difusión de audiovisuais en galego co protagonismo do alumnado en relación a distintas festividades e conmemoracións.
- Goce de sesións de contacontos, sesións teatrais ou visitas de autores, autoras ou ilustradores e ilustradoras no centro.
- Realización de xogos populares no patio para a súa recuperación e posta en valor como alternativa lúdica.
- Pintado no chan do patio dalgúns xogos populares.
- Adquisición de material bibliográfico e multimedia de interese para profesorado e alumnado.
- Información acerca das novidades bibliográficas en galego a alumnado e profesorado, en coordinación co equipo da biblioteca.
- Colaboración interdisciplinar cos outros equipos do centro: biblioteca, TICs e actividades extraescolares.
- Información sobre actividades que se leven a cabo fóra do centro relacionadas coa cultura galega.
- Celebración de actos e elaboración de actividades co gallo do Día das Letras Galegas.

PROXECTO DE CENTROS PLURILINGÜES

O proxecto de centro plurilingüe foi unha proposta consensuada por toda a Comunidade Educativa ao abeiro da Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües de Galicia para o curso 2010-2011



(DOG de 6 de xullo).

Na actualidade impártese a materia de Educación Artística-Plástica desde 1º a 6º de primaria, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrada de contidos e linguas), cunha incorporación da lingua estranxeira que deberá alcanzar un mínimo dun 50%.

No presente curso unha das modificacións previstas no PEC será a incorporación dos obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto de plurilingüismo.

As liñas prioritarias para este curso son:

- Potenciar a pluralidade lingüística e cultural no Centro para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e lingüístico globalizado.
- Promover o uso da lingua estranxeira como vehículo de comunicación da área de plástica, especialmente a comprensión oral.
- Fomentar o pensamento creativo e o desenvolvemento do sentido crítico.
- Potenciar a aplicación das TICs na área de plástica.

PROXECTO E-DIXGAL

Durante o pasado curso 2021-22 implantamos no centro o proxecto E-dixgal en 5º de Ed. Primaria. Neste curso académico 2022/2023 continuamos coa súa implantación en 6º de Ed. Primaria. Entre os principais obxectivos deste programa destacamos:

- Preparar ao alumnado para ser partícipes plenos da sociedade dixital na que lles tocará vivir e traballar.
- Aplicar, gracias ao uso do libro dixital, unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe activa e motivadora.
- Conseguir integrar os recursos dixitais no currículo da aula, aumentando a cantidade e variedade de actividades en todas as áreas.
- Fomentar no alumnado hábitos críticos e de seguridade cando usen internet na busca de información.
- Fomentar o uso da aplicación Abalar como medio de comunicación coas familias.
- Potenciar o uso da páxina web do centro.
- Ampliar a formación do profesorado no uso das novas tecnoloxías.

3.3.PROGRAMAS

CONTRATOS-PROGRAMA



CP INCLÚE: INCLÚE-T, EMOCIÓN-T E IGUÁLA-T

É un proxecto de innovación educativa no que xa participamos o curso pasado. Durante este curso 2022/23 solicitamos 3 modalidades do CP Inclúe: Inclúe-T, Emoción-T e Iguála-T. O proxecto está centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa que ten como obxectivo favorecer o crecemento emocional, intelectual e social das persoas, promovendo a comunicación e a mellora da convivencia nos centros escolares, e fomentar a creatividade a partir do traballo con docentes, alumnado e familias.

- Iguála-T: con accións que interveñan no fomento da coeducación.
- Inclúe-T: con accións que fomenten a inclusión.
- Emoción-T: pon en valor a importancia da aprendizaxe emocional.

PROGRAMA DE AUXILIARES DE CONVERSA

O CEIP Plurilingüe Lagostelle atópase dentro do Programa de Auxiliares de Conversa. No presente curso temos asignada unha auxiliar de conversa de nacionalidade estadounidense que cubrirá o seu horario do seguinte xeito: 11 horas de Plástica e 4 horas de Inglés cos grupos de 5º e 6º de Primaria.

Entre as principais funcións que se lle asignarían destacamos as seguintes.

- Fomentar a motivación e o interese do alumnado polo inglés e a cultura dos países de fala inglesa.
- Promover o ensino da cultura e civilización do seu país de orixe.

CLUB DE LECTURA

O curso pasado solicitouse o programa do Club de Lectura. Neste curso 2022/23 volveuse solicitar debido á boa acollida e valoración positiva que tivo no centro. O obxectivo desta iniciativa é promover hábitos lectores e competencias lingüísticas, sociais, culturais e artísticas no alumnado.

3.4. OUTROS PLANS E PROGRAMAS

PROGRAMA ALERTA ESCOLAR

No curso 2022-2023 hai 5 alumnos e alumnas dados de alta neste servizo.

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

O profesorado do centro asiste a actividades de formación organizadas pola administración educativa, polo Centro de Formación e Recursos, por sindicatos ou por outros centros privados para actualizar os seus coñecementos. A asistencia a estes cursos está recollida na *orde do 7 de abril de 2008 (DOG 23-4-2008) pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente.*



Durante o curso 2022-2023 desenvolverase:

- **CP Inclúe: Inclúe-T, Emociona-T e Iguála-T.**
- **Organización de espazos e instalación educativas**
- **Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC.**

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

No curso 2019-2020 o Equipo de Autoprotección revisou e modificou o Plan de Autoprotección do centro. Seguiranse as medidas establecidas nel en caso de emerxencia.

PROGRAMA VOZ NATURA

Ao igual que en anos posteriores, durante o curso 2022/23 o noso centro participa no programa de educación medioambiental Voz Natura. O obxectivo principal é o de concienciar e implicar á comunidade escolar na recuperación e defensa da natureza.

Outros obxectivos do programa son:

- Coñecer o medio.
- Incentivar o respecto e coidado da natureza.
- Fomentar os hábitos e a alimentación saudable.
- Concienciar ao alumnado na idea de que outro mundo é posible.
- Fomentar a reflexión e o espírito crítico do alumnado.
- Formar ao alumnado como ecoaxentes.
- Reducir a nosa pegada ecolóxica, fomentando dende o centro prácticas de reciclaxe, reutilización, redución de consumos, consumo responsable, formación de “brigadas verdes”,...
- Conservar o noso patrimonio natural e cultural.
- Contribuir a un mundo máis sostible.

MERENDAS SAUDABLES

Durante este curso 2022/2023 continuaremos con este programa subvencionado polo Concello de Guitiriz e que fará posible que o alumnado teña 2 días á semana (martes e xoves) de froita para o almorzo que toman no colexio.

Entre os obxectivos principais están:

- Fomentar hábitos de vida e alimentación saudables.
- Familiarizar ao alumnado con variedade de froitas.
- Potenciar o consumo de froita de tempada.
- Garantir o acceso destes alimentos a todo o alumnado do centro.

PROGRAMA DE FROITA E LEITE FRESCO



No mes de xullo solicitamos este programa de froita e leite fresco que nos foi concedido para este curso 2022/23. Inicialmente, contaremos con dous períodos de 10 días de froita fresca e castañas e 20 días de leite fresco.

Os principais obxectivos deste programa son:

- Contribuir ao incremento no consumo de froita e lácteos entre o noso alumnado.
- Tratar de diminuír a obesidade e outras enfermidades asociadas a unha mala alimentación.
- Favorecer hábitos de vida sana e saudable.
- Erradicar a inxesta de alimentos pouco recomendables para o alumnado no período de lecer
- Tratar de reducir os residuos nos alimentos que toman no colexio.